

## Léxico

O **abecedario** ou **alfabeto** é o conxunto das 23 letras da lingua ordenadas desde o a ata o z.  
No **dicionario** as palabras están ordenadas alfabeticamente.

## Gramática

A lingua propia de Galicia é o **galego**. Tamén se fala e se escribe o **castelán**.  
No mundo hai máis de **7000 linguas**.

## Ortografía

Escribimos **punto**  ao final de cada oración.

- **Punto e seguido**: continuamos na mesma liña.
- **Punto e á parte**: cambiamos de liña.
- **Punto final**: remata o texto.

Escribimos letra **maiúscula**:

- Cando empezamos a escribir e despois de punto.
- Nos nomes e apelidos de persoas.
- Nos nomes de aldeas, rúas, vilas, cidades e países.
- Nos nomes de montes, ríos, mares e océanos.
- Nos nomes das nosas mascotas.